

Comentarios postos no blog do Sánchez Cantón no curso 2012-2013

A chave das nozes

Este é un libro que me gustou moito e sinceramente non teño moito que dicir del, isto pasa cando un libro é bo, e non se esperaba menos de Docampo, escritor ou máis ben artista, consagrado a mozos e mozas. Por fin conseguín atopar un libro no que non teño que criticar o ritmo literario coma nos anteriores, pois é unha acción que transcorre relativamente a prása pero tamén se toma o seu tempo á hora de describir as escenas, personaxes e demais. Pero por outra banda quedo moi a disgusto co final. Mentres ía lendo este libro ía pensando que ía poñer nesta opinión e cada vez que pasaba as follas e lía a Mauro metido ata os fociños nunha mafia na que había mortos e lagoas perigosas en cada esquina, quedábame moi a desgusto porque non lle encontraba ningún fallo, ningunha falta ou erro substancial a parte do que contarei a continuación. Pero cando lin o final por fin me alegrei ..., destes propios das triloxías ou series literarias. E xa puideron atopar un punto que criticar, ao meu modo de ver. Porque non me gustan nada este tipo de finais ...

O outro punto negativo é que nesta lingua galega que empregamos nótase moito se un libro é novo ou vello, porque a meirande parte do léxico que se emprega neste libro xa non é normativa, e isto ocorre polos constantes cambios que se están a facer na lingua. O que produce unha difícil comprensión do texto, e posiblemente confusións na escrita posteriormente, un exemplo de palabras non normativas, bueno ou que apenas se usan, son: meia, memoria, direito, leria, ... É recomendabel a todos aqueles que lles goste as novelas policíacas ou detectivescas e as cancións de Mick Jager, pois encontrará unha alma xemelga no protagonista da historia. **(Clara)**

É un libro que en xeral non me gustou moito. Ten un tema moi semellante ao doutro libro que lin hai un pouco, "Investigación 091" e por iso ao mellor non é que me atraese moito a historia, ambientada tamén no mundo detectivesco, dos crimes e dos asasinatos. Tampouco me gustou porque o desenvolvemento da historia é un pouco difícil de entender. Pasa moi rapidamente duns lugares a outros e duns feitos a outros polo que, ás veces, tiven que ler varias veces unha páxina para entender o que estaba a pasar. Hai partes moi ben explicadas, pero outras non o están tan ben, polo que houbo cousas ás que eu non lle atopei moito sentido. Non sei se é porque eu non me decatei do que pasaba ou porque realmente non tiñan lóxica. O que menos me gustou foi a aparición de moitísimos personaxes con escasas aparicións e con aínda menos contribucións a mellorar a trama. Estes personaxes só conseguiron que me detivese mentres lía o libro para ter que pensar quen eran. Na miña opinión tantos secundarios non axudan a unha lectura seguida e entretida, o que consegue enganchar ao lector. Para min o mellor do libro é a mensaxe que transmite. En realidade son dúas mensaxes que se contraponen. A primeira é o afán de axudar ao seu amigo e de defender a xustiza que ten Mauro, o personaxe protagonista. Esta é a mensaxe que nos chega ao longo do libro, mais ao remate a mensaxe é totalmente diferente. Despois de todo o esforzo de Mauro, un dos dirixentes do negocio clandestino da cidade dille que unha soa persoa, por moito que o intente, non vai poder cambiar nada. Isto semella unha negación a todo o dito anteriormente, aínda que lle da un bo final ao libro ... **(Andrés)**